

MEMORIA 2017
FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS
G15705262

01 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE

02 – BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

03 - EXCEDENTE DO EXERCICIO

04 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

**05 - INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE, BENS DO PATRIMONIO HISTORICO
E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS**

06 - USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA

07 - BENEFICIARIOS – ACREEDORES

08- FONDOS PROPIOS

09 - SITUACIÓN FISCAL

10 - GASTOS E INGRESOS

**11 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A
FINS PROPIOS.**

12 - OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS

13 - OUTRA INFORMACIÓN

14 - ACTIVOS FINANCIEROS

15 - PASIVOS FINANCIEROS

16 - SUBVENCIONS, DOAZÓNS E LEGADOS

17 - FEITOS POSTERIORES ÁO PECHE

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

01 - ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

A **FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS** constituíuse o día 9 de Agosto de 1.999 segundo escritura de constitución outorgada polo Notario de Santiago de Compostela, D. Enrique Roger Amat co nº 1634 do seu protocolo. Ten o seu domicilio social en Santiago, San Domingos de Bonaval, 3, e ten por obxecto:

1.- A achega de medios económicos para o funcionamento do Museo do Pobo Galego, como institución que representa a concreción e síntese da obra de D. Antonio Fraguas Fraguas e de todos cantos con el loitaron por un centro que recollese a cultura material e espiritual de Galicia.

2.- A defensa, conservación, promoción e divulgación do seu legado material e intelectual a través do apoio ao funcionamento do Museo do Pobo Galego.

A Fundación foi clasificada como de interese cultural por Orden da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 7 de setembro de 1999(DOG do 28 de setembro) e declarada de interese galego por Orden da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 18 de outubro de 1.999 (DOG do 10 de novembro) figurando inscrita co número 1.999/21.

O 13 de marzo de 2018 formalizouse en escritura pública, outorgada en Santiago de Compostela ante a notaría D^a. Inmaculada Espiñeira Soto, co número de protocolo 533, unha reforma estatutaria aprobada polo Padroado na súa reunión do 28 de decembro de 2016 nos termos establecidos polo artigo 12.2 da Lei de Fundacións de Interese Galego. Esta modificación estatutaria foi inscrita o 3 de abril de 2018 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

02 – BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

1. Imaxe fiel:

As contas anuais elabóranse partindo dos rexistros contables, aos que se aplican as disposicións legais vixentes en materia contable co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Entidade.

2. Principios contables:

O órgano de goberno da Entidade non estimou necesaria a aplicación de principios contables distintos dos obrigatorios aos que se refire o plan de contabilidade das entidades non lucrativas.

3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza:

Na elaboración das contas anuais correspondentes ao exercicio 2017 determináronse estimacións e hipóteses en función da mellor información dispoñible a 31/12/2017 sobre os feitos analizados. É posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificálas (á alza ou á baixa) nos próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas anuais futuras.

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

4. Comparación da información:

Non existe ningunha causa que impida a comparación dos estados financeiros do exercicio actual cos do exercicio anterior.

5. Elementos recollidos en varias partidas

Non existen elementos patrimoniais do Activo e do Pasivo que figuren en máis dunha partida do Balance.

6. Cambios en criterios contables

No presente exercicio, non se realizaron cambios nos criterios contables aplicados.

7. Corrección de erros

Non se detectaron erros o peche do exercicio que obriguen a reformular as contas.

03 – EXCEDENTE DO EXERCICIO

BASE DE REPARTO	2017	2016
Perdas e ganancias	7.427,91	-7.355,40
Total	7.427,91	0,00
DISTRIBUCIÓN	2017	2016
A compensación de perdas de exercicios anteriores	7.427,91	
Total distribuído	7.427,91	0,00

O resultado positivo do exercicio que ascende a 7.427,91 € será destinado a compensar resultados negativos de exercicios anteriores.

04 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Aplicáronse os seguintes criterios contables:

1.- Inmobilizado intanxible

Os activos intanxibles están valorados polo seu coste de adquisición menos a súa amortización acumulada calculada de forma lineal en función da súa vida útil que foi estimada en tres anos.

Non se recoñecen inmovilizados intanxibles con vida útil indefinida.

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Non existe fondo de comercio no balance da Fundación

2.- Inmobiliado material:

a) Coste

Os bens comprendidos no inmobiliado material están valorados polo prezo de adquisición minorado polas correspondentes amortizacións acumuladas. O prezo de adquisición ou coste de produción inclúe os gastos adicionais que se producen necesariamente ata a posta en condicións de funcionamento do ben.

Os costes de ampliación, substitución ou renovación que aumentan a vida útil do ben obxecto, ou a súa capacidade económica, contabilízanse como maior importe do inmobiliado material, co conseguinte retiro contable dos elementos substituídos ou renovados. Así mesmo, os gastos periódicos de mantemento, conservación e reparación, impútanse a resultados, seguindo o principio de devengo, como coste do exercicio en que se incorren.

Non se realizaron traballos da Entidade para o seu inmobiliado.

Non existe Inmobiliado cedido pola entidade sen contraprestación

b) Amortizacións

As amortizacións calcúlanse de forma lineal en función da súa vida útil segundo o seguinte cadro:

	Anos de vida útil estimada
Instalacións	10-8

3. Bens integrantes do Patrimonio Histórico

Recole o importe dos obxectos que se atopan nos arquivos e na sala de Antropoloxía que montou a Fundación nas dependencias do Museo do Pobo Galego. Valóranse ao seu prezo de adquisición. Non se amortizan.

Deterioro de valor dos activos materiais, intanxibles e Bens no Patrimonio Histórico

Ao peche de cada exercicio, a entidade revisará os importes en libros do seu inmobiliado para determinar se existen indicios de que sufran unha perda por deterioro de valor. No caso de que exista calquera indicio, realizarase unha estimación do importe recuperable do activo correspondente para determinar o importe do deterioro. Os cálculos do deterioro efectuaranse elemento a elemento de forma individualizada.

As correccións valorativas por deterioro recoñeceranse como un gasto na conta de perdas e ganancias.

As perdas por deterioro recoñecidas nun activo en exercicios anteriores reverterán en canto se produza un cambio nas estimacións sobre o seu importe recuperable, aumentando o valor do activo con abono a resultados co límite do valor en libros que o activo tiña antes do deterioro.

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

4. Permutas:

Durante o exercicio non houbo ningunha permuta.

5. Créditos e débitos pola actividade propia

As cotas, donativos e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados e outros debedores orixinan un dereito de cobro que se contabiliza polo seu valor nominal.

Non se concederon préstamos no exercicio da actividade propia a tipo de interese cero ou por debaixo do interese de mercado.

As axudas e outras asignacións concedidas pola entidade os seus beneficiarios orixinan o recoñecemento dun pasivo polo seu valor nominal.

Si a concesión da axuda é plurianual, o pasivo rexístrase polo importe comprometido en firme de forma irrevogable e incondicional.

6. Existencias:

A Fundación non posúe.

7. Ingresos e gastos:

Os ingresos e gastos impútanse en función do principio de devengo, é dicir, cando se produce a corrente real dos bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada de eles. Os ingresos están valorados polo importe realmente percibido e os gastos polo coste de adquisición. En congruencia con este criterio procédese a periodificación dos mesmos cando é preciso.

8. Fusións entre entidades non lucrativas

Durante o exercicio no se realizaron fusións entre entidades non lucrativas.

9. Instrumentos financeiros:

a) Criterios empregados para a calificación e valoración das diferentes categorías de activos e pasivos financeiros. Criterios aplicados para determinar o deterioro:

Os **activos financeiros**, a efectos da súa valoración, clasifícanse nalgunha das seguintes categorías:

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Préstamos e partidas a cobrar

Nesta categoría inclúense os activos orixinados na venta de bens e prestacións de servicios por operacións de tráfico da entidade. Tamén inclúense aqueles activos financeiros que non se orixinaron nas operacións de tráfico da entidade e que non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, presentan uns cobros de contía determinada ou determinable.

Estes activos financeiros valóranse polo seu valor razoable que non é outra cousa que o prezo da transacción, é dicir, o valor razoable da contraprestación máis todos os costes que lle son directamente atribuíbles.

Posteriormente, estes activos valóranse polo seu coste amortizado, imputando na conta de perdas e ganancias os intereses devengados, aplicando o método do interese efectivo.

Polo coste amortizado enténdese o coste de adquisición dun activo ou pasivo financeiro menos os reembolsos de principal é corrixido (en máis ou menos, segundo sexa o caso) pola parte imputada sistematicamente a resultados da diferenza entre o coste inicial e o correspondente valor de reembolso ao vencemento. No caso dos activos financeiros, o custe amortizado inclúe, ademais as correccións ao seu valor motivadas polo deterioro que experimenten.

O tipo de interese efectivo é o tipo de actualización que iguala exactamente o valor dun instrumento financeiro á totalidade dos seus fluxos de efectivo ao longo da súa vida.

Os depósitos e fianzas recoñécense polo importe desembolsado por facer fronte aos compromisos contractuais.

Recoñécense no resultado do período as dotacións e retrocesións de provisións por deterioro do valor dos activos financeiros por diferenza entre o valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo recuperables.

Investimentos mantidos ata o vencemento

Activos financeiros non derivados, o cobro dos cales son fixos ou determinables, que se negocian nun mercado activo e con vencemento fixo, nos cales a entidade ten a intención e capacidade de conservar ata a súa finalización. Tras o seu recoñecemento inicial polo seu valor razoable, valóranse tamén ao seu coste amortizado.

Activos financeiros rexistrados a valor razoable con cambios en resultados

Nesta categoría inclúense os activos financeiros híbridos, é dicir, aqueles que combinan un contrato principal non derivado e un derivado financeiro e outros activos financeiros que a entidade considerou conveniente incluír nesta categoría no momento do seu recoñecemento inicial.

Valóranse inicialmente polo seu valor razoable. Os custes de transacción atribuíbles directamente, rexístranse na conta de resultados. Tamén rexístranse na conta de resultados as variacións producidas no seu valor razoable.

Activos financeiros dispoñibles para a venta

Nesta categoría inclúense os valores representativos de débeda e instrumentos de patrimonio de outras entidades que no se incluíron noutra categoría.

Valóranse inicialmente polo seu valor razoable e inclúese na súa valoración inicial o importe dos dereitos preferentes de suscripción e similares adquiridos.

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Posteriormente estes activos financeiros valóranse polo seu valor razoable, sen deducir os custes de transacción correspondentes a súa venda.

Os cambios que se produzan no valor razoable rexístranse directamente no patrimonio neto.

Derivados de cobertura

Dentro desta categoría inclúense os activos financeiros designados para cubrir un risco específico que pode ter impacto na conta de resultados polas variacións no valor razoable ou nos fluxos de efectivo das partidas cubertas.

Estes activos valóranse e rexístranse de acordo coa súa natureza.

Correccións valorativas por deterioro

O peche do exercicio, efectuaranse as correccións valorativas necesarias pola existencia de evidencia obxectiva de que o valor en libros dun investimento non é recuperable.

O importe desta corrección é a diferenza entre o valor en libros do activo financeiro e o importe recuperable. Enténdese por importe recuperable como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custes de venda e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados do investimento.

As correccións valorativas por deterioro, e se procede, a súa reversión rexístrase como un gasto ou un ingreso respectivamente na conta de perdas e ganancias. A reversión ten o límite do valor en libros do activo financeiro.

En particular, ao final do exercicio compróbase a existencia de evidencia obxectiva de que o valor dun crédito (ou dun grupo de créditos con similares características de risco valorados colectivamente) deterioráronse como consecuencia dun ou máis acontecementos ocorridos tras o seu recoñecemento inicial e que ocasionaron unha redución ou un retraso nos fluxos de efectivo que se estimaron recibir no futuro e que poden estar motivados por insolvencia do debedor.

A perda por deterioro será a diferenza entre o seu valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros que se estiman que se recibirán, descontándoos ao tipo de interese efectivo calculado no momento do seu recoñecemento inicial.

Os **pasivos financeiros**, a efectos da súa valoración, clasifícanse nalgunha das seguintes categorías:

Débitos e partidas a pagar

Nesta categoría inclúense os pasivos financeiros orixinados na compra de bens e servicios por operacións de tráfico da entidade e aqueles que non sendo instrumentos derivados, non teñen orixe comercial.

Inicialmente, estes pasivos financeiros rexístranse polo seu valor razoable que é o prezo da transacción máis todos aqueles custes directamente atribuíbles.

Posteriormente, valóranse polo seu coste amortizado. Os intereses devengados contabilízanse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do interese efectivo.

Os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que no teñen un tipo de interese contractual, así como os desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións, o pago dos cales espérase que sexa a corto prazo valóranse polo seu valor nominal.

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Os préstamos e descubertos bancarios que devengan intereses rexístranse polo importe recibido, neto de costes directos de emisión. Os gastos financeiros e os custos directos de emisión, contabilízanse segundo o criterio de devengo na conta de resultados utilizando o método de interese efectivo e engádense o importe en libros do instrumento na medida que non se liquidan no período que se devengan.

Os préstamos clasifícanse como correntes salvo que a Entidade teña o dereito incondicional para aprazar a cancelación do pasivo durante, ao menos, os doce meses seguintes a data do balance.

Os acredores comerciais non devengan explicitamente intereses e rexístranse polo seu valor nominal.

Pasivos a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias

Nesta categoría inclúense os pasivos financeiros híbridos, é dicir, aqueles que combinan un contrato principal non derivado e un derivado financeiro e outros pasivos financeiros que a entidade considerou conveniente incluír dentro desta categoría no momento do seu recoñecemento inicial.

Valóranse inicialmente polo seu valor razoable que é o prezo da transacción. Os costes de transacción directamente atribuíbles rexístranse na conta de resultados. Tamén impútanse á conta de resultados as variacións que produzan no valor razoable.

b) Instrumentos financeiros híbridos:

A entidade non posúe no seu balance ningún instrumento financeiro híbrido.

c) Instrumentos financeiros compostos:

A entidade non posúe no seu balance ningún instrumento financeiro composto.

d) Contratos de garantías financeiras:

Non se dispón de contratos de garantías financeiras.

e) Investimentos en entidades do grupo, multigrupo e asociadas:

Non se realizaron investimentos en entidades do grupo, multigrupo e asociadas.

f) Criterios empregados na determinación dos ingresos ou gastos procedentes das distintas categorías de instrumentos financeiros:

Os intereses e dividendos de activos financeiros devengados con posterioridade ao momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias.

g) Determinación dos ingresos ou gastos procedentes das distintas categorías de instrumentos financeiros: intereses, primas ou descontos, dividendos, etc.

Os intereses e dividendos de activos financeiros devengados con posterioridade ao momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias.

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

h) Instrumentos de patrimonio propio en poder da entidade:

Cando a entidade realiza algunha transacción cos seus propios instrumentos de patrimonio, rexístrase o importe destes instrumentos no patrimonio neto. Os gastos derivados destas transaccións, incluídos os gastos de emisión destes instrumentos, rexístranse directamente contra o patrimonio neto como menores reservas.

Cando se desiste dunha operación de esta natureza, os gastos derivados da mesma recoñécense na conta de perdas e ganancias.

10. Transaccións en moeda estranxeira:

Non existen transaccións en moeda estranxeira.

11. Imposto sobre beneficios:

Calcúlase en función do resultado económico do exercicio antes de impostos, aumentado ou diminuído polas diferenzas existentes entre o resultado contable e o resultado fiscal (base imponible do imposto) e distinguindo nestas o seu carácter de "permanentes" ou "temporais" a efectos de determinar o Imposto sobre Sociedades devengado no exercicio, e minorado no seu caso polas bonificacións e deducións da cota.

Esta Fundación cumpre os requisitos necesarios para gozar dos beneficios fiscais da Lei 49/02 segundo a cal só tributaría polas rendas derivadas de explotacións económicas non exentas. Tendo en conta que a Fundación non realiza explotación económica algunha e que todas as rendas obtidas considéranse exentas a efectos do Imposto sobre Sociedades, a súa base imponible será cero, sen prexuízo de que en calquera caso teñan que presentar a declaración do Imposto s/ Sociedades correspondente ao exercicio.

12. Provisións e continxencias:

As contas anuais da Entidade recollen todas as provisións significativas nas cales é maior a probabilidade de que se teña que atender a obrigaón. As provisións recoñécense unicamente en base a feitos presentes ou pasados que xeren obrigas futuras. Cuantifícanse tendo en consideración a mellor información dispoñible sobre as consecuencias do suceso que as motivan e son reestimadas con ocasión de cada peche contable. Utilízanse para afrontar as obrigacións específicas para as cales foron orixinalmente recoñecidas. Procédese a súa reversión total ou parcial, cando estas obrigacións deixan de existir ou diminúen.

13. Subvencións, doazóns e legados:

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos de forma correlacionada cos gastos ou investimentos obxecto da subvención.

Non existen na Entidade subvencións, doazóns e legados que teñan carácter de reintegrables.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo importe concedido. As de carácter non monetario ou en especie valóranse polo valor razoable do ben ou servizo recibido, sempre que o valor razoable do citado ben ou servizo poida determinarse de maneira fiable.

MEMORIA 2017
FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS
G15705262

14. Combinacións de negocios:

Durante o exercicio non se realizaron operacións de esta natureza.

15. Negocios conxuntos:

Non existe ningunha actividade económica controlada conxuntamente con outra persoa física ou xurídica.

16. Transaccións entre partes vinculadas:

Non existen transaccións entre partes vinculadas.

05 - INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE, BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

1. Análise do movemento durante o exercicio do inmovilizado intanxible, material, bens do patrimonio histórico e investimentos inmobiliarios e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro de valor acumulado:

Movemento del inmovilizado intanxible	Importe 2017	Importe 2016
SALDO INICIAL BRUTO	9.164,00	9.164,00
(+) Entradas		
(+) Correccións de valor por actualización		
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	9.164,00	9.164,00

Movements amortización inmovilizado intanxible	Importe 2017	Importe 2016
SALDO INICIAL BRUTO	9.164,00	9.164,00
(+) Aumento por dotacións		
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	9.164,00	9.164,00

Movements del inmovilizado material	Importe 2017	Importe 2016
SALDO INICIAL BRUTO	67.988,27	67.988,27
(+) Entradas		
(+) Correccións de valor por actualización		
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	67.988,27	67.988,27

Movements amortización del inmovilizado material	Importe 2017	Importe 2016
SALDO INICIAL BRUTO	67.810,37	67.573,47
(+) Aumento por dotacións	112,41	236,90
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		

MEMORIA 2017
FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS
G15705262

Movimientos amortización del inmovilizado material	Importe 2017	Importe 2016
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos		
(-) Diminucións por saída, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	67.922,78	67.810,37

Movimiento archivos	Importe 2017	Importe 2016
SALDO INICIAL BRUTO	15.604,00	15.604,00
(+) Entradas		
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	15.604,00	15.604,00

Movimiento museos	Importe 2017	Importe 2016
SALDO INICIAL BRUTO	5.989,79	5.989,79
(+) Entradas		
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	5.989,79	5.989,79

Non existen correccións por deterioro nin amortizacións.

Investimentos Inmobiliarios

A Entidade non posúe investimentos inmobiliarios.

06 - USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA

O movemento da partida B.II do activo do balance “Usuarios e outros debedores da actividade propia” refléxanse nas seguintes táboas:

Movimiento usuarios, debedores	Importe 2017	Importe 2016
SALDO INICIAL BRUTO	7.000,00	
(+) Entradas	8.000,00	7.000,00
(-) Saídas	14.000,00	
SALDO FINAL BRUTO	1.000,00	7.000,00

Os usuarios e outros debedores non proceden de entidades do grupo, multigrupo ou asociadas.

07 - BENEFICIARIOS – ACREEDORES

Non existen débedas contraídas como consecuencia de axudas e asignacións concedidas en cumprimento dos fins propios da Entidade.

08 - FONDOS PROPIOS

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

O Capital Fundacional ascende a 14.621,24 euros, 7.393,08 euros que foron aportados polos patróns e socios do Museo do Pobo Galego e o resto corresponde a beneficios do exercicio 2004.

O resto do beneficio, unha vez compensadas as perdas de exercicios anteriores, atópase en reservas voluntarias que ascenden a 5.697,03 €.

Existen resultados negativos pendentes de compensar do 2012 por importe de 2.807,05 €, e do 2014 por importe de 6.720,72 € e do 2016 por 7.355,40 €.

O excedente positivo do presente exercicio que ascende a 7.427,91 € será destinado a compensar os resultados negativos de exercicios anteriores.

09 - SITUACIÓN FISCAL

Tendo en conta que todas as rendas obtidas están consideradas exentas do Imposto de Sociedades segundo a Lei 49/02 a Entidade non terá que tributar xa que a base imponible fiscal é cero.

Non existen créditos por perdas a compensar nin incentivos fiscais.

10. GASTOS E INGRESOS

A totalidade dos ingresos e gastos nos que incorreu a Entidade durante os exercicios 2017 e 2016 foron realizados en cumprimento de fins é dicir na realización de actividades propias.

Os gastos correspondentes os exercicios 2017 e 2016 son os seguintes:

Conta	Importe 2017	Importe 2016
623 Servizos profesionais	177,84	
629 Gastos oficina e correos	44,71	61,65
651.13 IX Premio A.Fraguas	1.205,00	15.150,00
669 Gastos Financeiros	61,60	59,41
678 Gastos excepcionais		
680 Amortización Inmob. Intanxible		
681 Amortización Inmob. Material	112,41	236,90
TOTAL GASTOS	1.601,56	15.507,96

Os ingresos obtidos durante o exercicio 2017 e 2016 son os seguintes, **todos eles exentos do Imposto s/ Sociedades segundo a Lei 49/2002:**

Conta	Importe 2017	Importe 2016
723 Patrocinadores e Colaboracións	9.000,00	8.000,00
746 Sub.Capital traspas.rdo exerc.	29,47	152,56
769 Ingresos financeiros		
TOTAL INGRESOS	9.029,47	8.152,56

Non existen vendas de bens nin prestacións de servizos producidos por permuta de bens non monetarios.

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

No existen resultados orixinados fora da actividade da Fundación.

11 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS.

10.1 Actividade da Entidade.

Todas as actividades levadas a cabo pola Fundación durante o presente exercicio están consideradas como actividades propias.

10.2 Aplicación de Elementos Patrimoniais a Fins Propios

A totalidade dos bens e dereitos que constitúen o patrimonio da Entidade están vinculados directamente ao cumprimento dos fins propios da Entidade.

12. OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS

1. Non existen operacións con partes vinculadas.

2. Non existe persoal de alta dirección

13. OUTRA INFORMACIÓN

A Fundación non posúe persoal asalariado.

O órgano de goberno da Fundación é o Padroado estará composto por :

Presidente. A Presidencia da Fundación recaerá sempre na persoa que ostente a do Museo do Pobo Galego.

Vicepresidente primeiro. Excmo Sr Conselleiro de Cultura.

Vicepresidente segundo. Excmo Sr. Alcalde de Santiago de Compostela.

Vicepresidente terceiro. Vicepresidente 1º do Museo do Pobo Galego.

Vocais: 10 membros que serán designados polo Padroado do Museo do Pobo Galego.

Secretario. O da Xunta Reitora do Museo do Pobo Galego.

Será Presidente de Honra o Excmo Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

Retribucións percibidas polos membros do órgano de goberno.

Os membros do órgano de goberno da Fundación non percibiron retribución algunha.

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Anticipos e créditos concedidos a membros do órgano de goberno.

Non se concederon nin anticipos nin créditos aos membros do Órgano de Goberno.

Obrigas contraídas en materia de pensións e de seguros de vida respecto dos membros antigos e actuais do Órgano de Goberno.

A Entidade non contraeu obrigas en materia de pensións e de seguros de vida cos membros do Órgano de Goberno.

14 - ACTIVOS FINANCIEROS

A continuación móstrase o valor en libros de cada unha das categorías de activos financeiros sinaladas nas normas de rexistro e valoración.

A excepción do movemento da partida B.II do activo do balance "Usuarios e outros debedores da actividade propia" dos que xa se incluíu a información no apartado 6 desta memoria non existen activos financeiros na entidade nin a longo nin a curto prazo.

Empresas do grupo, multigrupo e asociadas:

A entidade FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS colabora co MUSEO DO POBO GALEGO nalgunhas actividades polo que mantén unha conta corrente cun saldo acreedor, a 31-12-2017 de 1.025,73 €.

15- PASIVOS FINANCIEROS

Información sobre os pasivos financeiros da entidade:

Pasivos financeiros a longo prazo:

Non existen na Entidade.

Pasivos financeiros a curto prazo:

Derivados e outros cp	Importe 2017	Importe 2016
Pasivos financeiros a custe amortizado	1.025,73	15.869,44
Pasivos financeiros mantidos para negociar		
TOTAL	1.025,73	15.869,44

Información sobre vencementos das débedas o peche do exercicio:

Todas as débedas da Fundación teñen vencemento inferior a un ano.

Información sobre débedas con garantía real

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Non existen débedas con garantía real.

Información sobre liñas de desconto e pólizas de crédito.

Non existen liñas de desconto nin pólizas de crédito ao peche do exercicio.

Préstamos pendentes de pago ao peche do exercicio:

Non existen na Entidade .

16. SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS

Existen dous tipos de subvencions:

1. Subvencions relacionadas coas distintas actividades.-

Recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos de forma correlacionada cos gastos obxecto da subvención e o seu detalle é o seguinte:

Exercicio 2017

O 18-05-17 firman un convenio coa Consellería de Cultura por importe de 7.000,00 € para colaborar na realización de actividades de difusión da lingua e cultura galega que se leva a ingreso na súa totalidade

Exercicio 2016

O 21-03-16 firman un convenio coa Consellería de Cultura por importe de 7.000,00 € para colaborar na convocatoria dos Premios da X edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas que se leva a ingreso na súa totalidade

Exercicio 2015

O 31-03-15 firman un convenio coa Consellería de Cultura por importe de 14.000,00 € para colaborar na convocatoria dos Premios da IX edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas que se leva a ingreso na súa totalidade.

Exercicio 2014

Non se percibiron subvencions.

2. Subvencions para investimentos.

Recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingreso a medida que se amortizan os bens que subvencionan. A continuación relacionamos as subvencions percibidas en exercicios anteriores e a parte levada a ingresos no exercicio 2017 e 2016:

Exercicio 2009

Dos 17.400,00 € do Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Cultura no exercicio 2009 temos contabilizada: unha subvención de capital, na conta 130.50, por importe 6.125,00 € pola compra de arquivos que non se amortiza e outra por importe de 2.015,00 euros, de aplicacións informáticas, contabilizada neta da súa amortización, na conta 130.60 da que no 2013 rematou a amortización.

MEMORIA 2017

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Exercicio 2007

Do Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Cultura no 2007, por importe de 25.000 euros, destináronse 4.592,44 euros a compra de inmovilizado que se atopa contabilizado como subvención de capital, cta 130.30, neto da súa amortización. O importe que se levou a ingresos é de 29,47 € no 2017, e de 152,56 € no 2016 quedando totalmente amortizada.

Exercicio 2006

Do Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Cultura no 2006, por importe máximo de 25.000,00 euros, invertéronse 10.587,99 euros en bens de inmovilizado que foron contabilizados como subvención de capital, ctas 130.10 e 130.20 netas da súa amortización. A 31-12-2010 esta subvención quedou totalmente amortizada.

Exercicio 2005

Dende o exercicio 2003 ata o 11-11-2005, data de finalización, recibimos un total de 69.517,23 € para a creación de una Sala de Antropoloxía nas dependencias do Museo do Pobo Galego que están contabilizados como subvención de capital, cta 130, netos da súa amortización. A excepción dos 5.694,45 euros destinados a museos que non se amortizan o resto está totalmente amortizado.

3. Doazóns e aportacións de socios:

Non existen doazóns nin aportación de socios.

4. Outras colaboracións.

Durante o exercicio 2017 a Fundación percibe 2.000 euros en concepto de Colaboracións.

17 – FEITOS POSTERIORES AO PECHE

Non existe ningún suceso posterior ao peche que deba ser recollido nestas contas anuais.